

PREGUNTA DE AER RELATIVA O SALARIO DE JAVIER BAS NA DEPUTACIÓN E AUTORIDADE PORTUARIA. (Rex. Entrada 26.09.2018, 2018-E-RC-12600).

PLENO 27 SETEMBRO 2018. ACTA 11/2018

O Sr. Cano dá lectura das seguintes preguntas:

“Nos últimos tempos comprobamos como a cidadanía vén demandando máis máis transparencia nas administracións e nos cargos públicos. Estas demandas traducíronse en diversas leis, ordenanzas e códigos éticos de transparencia e bo goberno. De feito, dende a nosa Agrupación comprobamos que as medidas en transparencia que propuxo AER dende o principio, alá no 2011, e que dicía o PP que eran imposibles, agora resulta que moitas son obrigatorias por lei.

Neste pleno, hai xa máis de 5 anos, aprobamos por unanimidade, e dicir, contando tamén co voto favorable do Alcalde e do seu partido, publicar na páxina web do Concello as retribucións que os membros das corporación perciban doutros organismos, como a Deputación Provincial ou Autoridade Portuaria. Este acordo, como tantos outros que o PP votou a favor, segue sen cumprirse a pesar da insistencia da nosa Agrupación. Dende AER sempre consideramos que a cidadanía debe ter un acceso sinxelo e rápido á información en todo o relativo ao gasto dos cartos públicos. Debe ser pública e doada de coñecer a cantidade que percibe o Alcalde por ser deputado provincial e por ser membro do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo: non basta con sabes só canto cobra por sesión, pleno ou comisión; senón que debería publicarse o total percibido. E non toca falar da falta de transparencia da Deputación, xa que estamos falando dun acordo tomando no noso Concello.

A nosa Agrupación, cando aprobamos os salarios da corporación neste mandato, sempre asociou o salario do alcalde a una ocupación completo ao servizo do noso Concello. Nese momento Javier Bas non era deputado provincial. Dende AER consideramos moi importante coñecer canto percibe Javier Bas por ter dedicación noutra administración para decidir canto debe percibir do Concello de Redondela por unha dedicación exclusiva que non é tan “exclusiva”.

Por todo o anterior, preguntamos:

Canto percibiu o Alcalde de Redondela como membro da Deputación e como membro da Autoridade Portuaria en cada ano dende que forma parte destes dous organismos?

Resposta: Amoedo: poden ir a cada unha das webs das administracións e sumar. O que queren é retorcer. Adica semana e fins de semana. Moito traballo. Da Deputación no 2016 percibiu 27.525 euros, no 2017 case 27.850 euros. De Autoridade Portuaria no 2015 percibiu 5.425 euros, no 2016: 6.510 euros e 5.968 euros no 2017.